

BASES LEGAIS CONCURSO CARTEL PUBLICITARIO #EuSonPilabot (2022-2023)

1. ORGANIZADORES

AA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en colaboración cos Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Productor (SCRAP) de pilas e acumuladores autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia, ECOPILAS, ERP e ECOLEC (en diante denominados conxuntamente coma os ORGANIZADORES), convocan a cuarta edición do Concurso #EuSonPilabot.

Os ORGANIZADORES teñen como domicilio exclusivamente a efectos de notificacións o seguinte enderezo: Rúa Raimundo Fernández Villaverde, 61, planta 8ª - 28003 Madrid.

O CONCURSO #EuSonPilabot é gratuito e participar non implica custo ningún.

2. OBXECTO DO CONCURSO E ÁMBITO DE APLICACIÓN


2.1. Obxecto do concurso

O CONCURSO #EuSonPilabot é unha actuación complementaria no marco do Concurso Pilabot, que é un concurso en centros educativos de educación primaria e secundaria de Galicia para fomentar a recollida selectiva de pilas e acumuladores portátiles entre o alumnado e as súas familias.

Polo tanto, o obxectivo do CONCURSO #EuSonPilabot é involucrar a título individual aos rapaces e rapazas para que tomen conciencia da importancia da reciclaxe de pilas e acumuladores.

2.2. Quen pode participar?

Poderá participar calquera alumno/a dos centros educativos de primaria e secundaria participantes no Concurso Pilabot durante o curso 2022/2023.



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



Para participar deberán cumprimentar o formulario específico dentro da web www.pilabot.gal e averse ás bases legais específicas de #EuSonPilabot.

2.3. Marco temporal e territorial

O concurso desenvolverase entre o día 23 de febreiro e o 31 de maio de 2023, período no que se identifican 3 etapas:

- Etapa 1: do 23 de febreiro ao 14 de abril, na que estará aberto o prazo de participación.
- Etapa 2: do 17 ao 21 de abril, na que se realizará a selección dos carteis finalistas gañadores en cada categoría.
- Etapa 3: do 24 de abril ao 31 de maio, resolución e difusión dos gañadores e entrega de premios.

Os ORGANIZADORES resérvanse o dereito de cancelar anticipadamente o concurso ou modificalo ou prorrogalo por causas xustificadas.

O ámbito territorial é a Comunidade Autónoma de Galicia, coa limitación de que os participantes estuden educación primaria ou secundaria nun centro educativo que á súa vez participe no Concurso Pilabot no presente curso escolar.

2.4. Requisitos de participación

Os requisitos para a aceptación dos carteis publicitarios no CONCURSO #EUSONPILABOT son:

- 1) Que o autor/a do cartel presentado estude nun centro inscrito no Concurso Pilabot no curso escolar 2022/2023 e estea cursando un curso de educación primaria ou secundaria.
- 2) Aceptar as bases legais do Concurso #EuSonPilabot, cumprimentar debidamente o formulario de inscrición e adxuntar os documentos legais solicitados: copia do DNI e autorización do titor/a legal.
- 3) Enviar un único cartel por participante.
- 4) Fomentar a correcta separación das pilas usadas e a difusión da campaña PILABOT serán o tema principal do cartel publicitario.
- 5) O formato será de imaxe en formato A4 vertical.
- 6) Na obra ten que figurar como mínimo un elemento identificativo da campaña Pilabot (a caixa individual de recollida de pilas, o logotipo, o robot...). Valorarase a presenza de pilas e acumuladores portátiles ou outros recursos que as representen.
- 7) O cartel acompañarase dun título e dun breve texto explicativo que xustifique a súa mensaxe..



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



8) Que no cartel publicitario non figure ningún rostro de persoas, sexan menores ou adultos. Aceptaranse aquelas nas que os rostros estean pixelados ou distorsionados, de forma que resulten irrecoñecibles.

9) Requisitos técnicos: formato de imaxe (.jpg, .png ou .pdf) e peso de arquivo inferior a 2mb.

O incumprimento dalgún dos requisitos citados anteriormente poderá conlevar a descalificación automática do concurso.

3. MECÁNICA DO CONCURSO

3.1. Inscripción

A inscrición no concurso deberá realizarse a través do formulario que se atopará en www.pilabot.gal/eusonpilabot. Ademais deberá:

- Adxuntar a autorización do titor/a legal firmada que está dispoñible na web.
- Adxuntar copia do DNI do titor/a legal.
- Adxuntar o arquivo do cartel participante en formato de imaxe (.jpg, .png, .pdf)
- Ler as bases legais e marcar a casilla pola que se aceptan as bases legais deste concurso.

3.2. Categorías


No CONCURSO #EuSonPilabot establécense 5 categorías, que corresponden con cada un dos ciclos das etapas educativas que están a participar no Concurso Pilabot:

- CATEGORÍA 1: 1º ciclo de Ed. Primaria (1º e 2º EP)
- CATEGORÍA 2: 2º ciclo de Ed. Primaria (3º e 4º EP)
- CATEGORÍA 3: 3º ciclo de Ed. Primaria (5º e 6º EP)
- CATEGORÍA 4: 1º ciclo de Ed. Secundaria (1º e 2º ESO)
- CATEGORÍA 5: 2º ciclo de Ed. Secundaria (3º e 4º ESO)

3.3 Selección de finalistas do CONCURSO #EuSonPilabot

Unha vez rematado o prazo de participación, os ORGANIZADORES designarán un xurado interno, formado por representantes das entidades organizadoras.

O xurado terá en conta a categoría na que participa o cartel publicitario á hora de valorar a orixinalidade, execución e profundidade ao redor da temática central do concurso á hora de emitir o seu voto.



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



3.4. Elección de gañadores

O xurado elaborará un ranking cos 3 mellores carteis por cada categoría, resultando gañador o que quede en 1º lugar. Os dous seguintes constarán como finalistas do concurso #EuSonPilabot.

3.5. Resolución do concurso

Unha vez o xurado obteña o seu veredicto cos carteis gañadores, os ORGANIZADORES farán pública a resolución do CONCURSO #EuSonPilabot na web www.pilabot.gal e nas redes sociais. Así mesmo, enviarase un correo electrónico a cada gañador.

4. PREMIOS

4.1. Categorias e premios

Os carteis publicitarios gañadores recibirán un premio único que consiste nunha tablet. Entregaranse un total de 5 premios, un por cada categoría:

- PREMIO 1º ciclo de Ed. Primaria
- PREMIO 2º ciclo de Ed. Primaria
- PREMIO 3º ciclo de Ed. Primaria
- PREMIO 1º ciclo de Ed. Secundaria
- PREMIO 2º ciclo de Ed. Secundaria

4.2. Renuncias dos gañadores


No caso de que, por calquera motivo, algún dos gañadores renuncie ou non poida participar no concurso, o finalista pasará a ser o autor do seguinte posto no ranking elaborado polo xurado.

A ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de declarar algunha categoría deserta no caso de non contar con ningún cartel finalista para dita categoría.

5. COMUNICACIÓN E ENTREGA DE PREMIOS

Os ORGANIZADORES poñeranse en contacto cos gañadores do concurso a través dos datos facilitados no formulario de inscrición.

Así mesmo, comunicarase de forma pública os gañadores do CONCURSO #EuSonPilabot a través da web www.pilabot.gal, a través das redes sociais do Concurso Pilabot e a través doutros medios que os ORGANIZADORES consideren adecuados.



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



6. DEREITOS DE IMAXE

Os participantes cédennles aos ORGANIZADORES os dereitos sobre todas as imaxes presentadas e, en particular, os dereitos de comunicación pública, distribución, reprodución e transformación, para calquera territorio do mundo, polo tempo legalmente previsto e para a súa utilización de forma non exclusiva en calquera formato ou medio, sen dereito a percibir por iso contraprestación algunha.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de protección de datos, os ORGANIZADORES, como responsables do tratamento, informan que os datos persoais facilitados a través do formulario de inscrición serán tratados coa única finalidade de xestionar a participación no concurso, contactar cos gañadores e xestionar a entrega do premio.

A base xurídica do tratamento dos datos é o consentimento outorgado expresamente ao inscribirse no concurso e, de ser o caso, a interese lexítima.

Os datos persoais poderán ser comunicados á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia co fin de controlar o desenvolvemento do concurso no que se encadra o CONCURSO #EuSonPilabot. Igualmente, os datos persoais poderán ser comunicados a terceiros prestadores de servizos cos que subscribísemos o correspondente acordo de acceso a datos na medida en que dita comunicación resulte necesaria para poder garantir o desenvolvemento do concurso. En calquera caso, adoptaranse as medidas legais e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos.

Os datos solicitados conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das finalidades descritas, así como, no seu caso, polo tempo necesario para o cumprimento das obrigas legais que corresponden aos ORGANIZADORES.

Os ORGANIZADORES adoptarán as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Deberase notificar aos ORGANIZADORES calquera modificación que se produza nos datos persoais facilitados, respondendo os responsables en calquera caso da veracidade e exactitude dos datos fornecidos en cada momento. Os ORGANIZADORES resérvanse sen prexuízo doutras accións que puidesen corresponderlles, o dereito a non conceder ou retirar o premio a quen facilite datos falsos ou incompletos.

Os participantes, así como calquera outro terceiro cuxos datos sexan facilitados a través do formulario de inscrición no CONCURSO #EuSonPilabot, teñen dereito a solicitar o acceso aos datos persoais, así como a súa rectificación ou supresión, ou a limitación do tratamento,



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta



opoñerse ao mesmo e a retirar o consentimento prestado, así como o dereito á portabilidade dos datos, dereitos que poderán exercitarse mediante escrito dirixido por correo postal ao enderezo dos ORGANIZADORES que figura na cláusula primeira, achegando fotocopia do documento de identidade. Igualmente, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases, así como o criterio dos ORGANIZADORES en canto á resolución de calquera interpretación das mesmas.

9. XERAIS


9.1. Para participar neste concurso é necesario que os titores legais dos alumnos participantes acepten estas bases e a totalidade do funcionamento interno do concurso.

9.2. Os ORGANIZADORES poñen á disposición dos interesados o enderezo electrónico info@pilabot.gal e o teléfono 674 802 927 para poder solicitar calquera tipo de información relativa ao CONCURSO #EuSonPilabot.

9.3. Os ORGANIZADORES resérvanse o dereito de suspender, ampliar ou modificar este concurso e mesmo a súa posible anulación sempre que exista unha causa xustificada, e comprométense a comunicar con antelación suficiente as novas bases, condicións ou, se procede, a anulación definitiva do concurso, sen que isto comporte ningún tipo de responsabilidade para os ORGANIZADORES nin indemnización para os participantes.

9.4. Os ORGANIZADORES resolverán calquera incidencia que poida producirse e a súa decisión será irrevogable.

9.5. Os ORGANIZADORES resérvanse o dereito de deixar fóra do concurso a os participantes que fagan un uso abusivo ou fraudulento destas bases legais ou que non cumpran algunha das condicións aquí establecidas ou non acepten o contido.



recicla con
energía!

@MAmbienteXunta

